A Historia da Literatura Galega 16

Xeración Nós. Ensaio e teatro

La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

- UN PROXECTO EDITORIAL DE ERA PUBLICACIONES, S.L.
- COORDINADOR XERAL: JOSÉ ANTONIO PONTE FAR

Textos: M.ª Luz Ínsua Ramil, M.ª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

Corrección lingüística:
M.ª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

Deseño: M. Malvido
Maquetación e montaxe:
M.ª Teresa Puga, María G. Grandal
Produción: Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Victoria García-Lastra, Rebeca Zapata, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez e Nieves G. Centeno.
Fotografía: Octo Gráfica
Portada: Obra *El emigrante* (1918), de Castelao. Colección Caixanova

Agradecementos: Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega, Fundación Vicente Risco, Fundación Otero Pedrayo, Colección Caixanova, Arquivo Galaxia, Museo de Pontevedra

Edita: © Era Publicaciones, S.L.
© desta edición: La Voz de Galicia, S.A.

Imprime: Imprenta Mundo
Depósito Legal: C 1606-2010
ISBN: 978-84-96561-39-7

A Historia da Literatura Galega 16

Xeración Nós. Ensaio e teatro

La Voz de Galicia

ÍNDICE

7 1. ENSAIO
8 1.1. Vicente Risco
16 1.2. Ramón Otero Pedrayo
21 1.3. Castelao

33 2. TEATRO
38 2.1. Leandro Carré Alvarellos
39 2.2. Armando Cotarelo Valledor
41 2.3. Castelao
44 2.4. Vicente Risco
48 2.5. Ramón Otero Pedrayo
50 2.6. Rafael Dieste
52 2.7. Outros dramaturgos

59 BIBLIOGRAFÍA DOS TOMOS 13 A 16

Os escritores da Época Nós escribían ensaios que lles servisen para expoñer argumentos en defensa da lingua e das tradicións galegas

ENSAIO 1

O proceso de modernización da cultura galega, empezando pola literatura, necesita normalizar o uso da lingua en cada un dos campos artísticos e en cada un dos xéneros literarios. Por iso, neste período dourado da Época Nós, os seus membros, ademais de á novela e ao teatro, dedicaranse a escribir ensaios literarios, tratados de índole científica ou divulgativa, con gran atención á forma, que sirvan para expoñer teorías nacionalistas, argumentos de defensa da lingua e das tradicións de Galicia. Algúns dos ensaios máis significativos corresponden aos membros máis destacados, tamén, noutros xéneros literarios, como a narrativa ou o teatro.

1.1. Vicente Risco

Ademais da súa importante colaboración no campo da etnografía, Vicente Risco foi un teorizador sobre cuestións importantes de Galicia, e expuxo as súas ideas en brillantes ensaios para que chegasen á maior xente posible. O seu carácter didáctico fainos máis sinxelos e contundentes.

Entre os ensaios máis importantes hai que destacar *Teoría do nacionalismo galego* (1920), un libro no que expón e xustifica os seus pensamentos sobre o nacionalismo galego e a realidade de Galicia. Outra obra importante é *Nós, os inadaptados* (Revista *Nós*, 1933), na que se explica a ideoloxía dos compoñentes do Cenáculo ourensán, a súa



Grafía de Nós, por Castelao. Fondos da Fundación Vicente Risco

Risco foi un gran teorizador da realidade galega. Retrato pertencente á súa fundación

formación cultural e tamén a súa procedencia ideolóxica de todo o seu grupo xeracional antes do seu desembarco no nacionalismo. Véxase un fragmento desta obra:

Debuxo de Castelao. Fondos da Fundación Vicente Risco

«Eu caracterizaría aos homes do meu tempo, preocupados polas cousas do esprito, decindo que eramos –e somos– os auténticos vencidos da vida. [...] Insatisfeitos, non conformistas, decote rebeldes. Vencidos da vida por inadaptados.

O probrema dos inadaptados é un dos grandes probremas das decadenzas [...]. E son os malcontentos, os difíceis de gusto, os despreciativos, os disgustados de todo, os que andan á precura das cousas lonxanas, estranas e requintadas, os anormais por supernormais.

Primeiramente, deprendimos dos nosos mestres a odiar o noso tempo. Os inadaptados son, por definición, os insatisfeitos do mundo sensíbele, os nemigos da realidade cotiá, os que procuran fuxir do meio que os arrodea. Deiquí a concencia da arte como evasión.



Ilustracións etnográficas feitas por Risco. Fondos da Fundación Vicente Risco

Retrato de Risco cedido pola fundación que leva o seu nome

Mais, enténdase ben: nós non desbotamos o meio natural, non condanabamos a natureza. O nemigo estaba noutro lado: non fuxiamos do meio natural, senón do meio social que nos arrodeaba».

Poden completar este apartado ensaístico de Risco outras publicacións como *Mitteleuropa* (1943), no que conta a curiosa viaxe que realizou por Alemaña en 1930 para ampliar os seus coñecementos en etnografía, e *Leria* (1961).

Teoría do nacionalismo galego

➜ Neste ensaio, Vicente Risco expón o seu pensamento do nacionalismo galego e sobre a realidade do país. A continuación reproducimos algúns extractos:

«Galeguismo e nacionalismo.
Emprégase a verba nacionalismo para designar o corpo de doutrinas que informan todo movemento de reinvindicación da personalidade dos grupos naturais por frente da soberbia dos Estados históricos. Neste mesmo senso empregámola nós.
Nacionalismo galego quere dicir, polo tanto, a doutrina que informa o movemento de reivindicación da personalidade de Galiza frente da soberbia do centralismo español.

Vicente Risco impartindo unha conferencia. Fondos da Fundación Vicente Risco

Tense empregado, como sinónimo de nacionalismo galego, a verba galeguismo, e isto, para distinguir noso nacionalismo do nacionalismo vasco ou do nacionalismo catalán.

[...] O noso nacionalismo, para ser algo, ten que ser un galeguismo e non un euskarismo ou un catalanismo traducidos a nosa fala. Deses nosos irmáns da inmensa España, queremos o exemplo de rebeldía e o acordo para acción común, se é que cómpre, mais non as directrices mentais da nosa intención nacionalista.

Se agora prefirimos a designación de nacionalismo galego é, como di A. Vilar Ponte, porque hoxe "non hai politiquiño dos da nosa Terra, nin xornal caciquil

Ilustración de Castelao titulada *Caciques*, pertencente á Colección Caixanova

que non se chame galeguista..." Rexionalismo e galeguismo, pois, para nós dende isto carecen de valor. Son verbas mortas e fan falla verbas vivas.
[...]

Temos dito que o Nacionalismo galego proponse a reconstitución espiritual, política e económica de Galiza. Quérese dicir que precisamos a autonomía nas tres ordes ...
Agora ben: entendemos por reconstitución espiritual a creación e conservación da civilización galega na Fala, na Arte e nos Costumes.
Entendemos por reconstitución política a liberación do goberno (no senso galego da verba), do pobo galego, ou sexa: acabar co caciquismo –conseguir a autonomía integral– e acomodar o dereito e as leis ás necesidades e mais aos costumes xurídicos de Galiza.
Entendemos por reconstitución económica, o levar a nosa terra á súa máxima producción –multiplicar ao infindo as comunicacións e a propaganda dos produtos galegos– e procurar unha xusta e equitativa distribución da riqueza.

Témonos que pór os tres a un tempo.
[...]»

1.2. Ramón Otero Pedrayo

Foi un dos escritores da época Nós que maiores coñecementos tiñan en diferentes campos do saber e da cultura, pero especialmente no do saber histórico, filosófico e literario. Os seus incontables artigos, comentarios e reseñas

Retrato do patriarca das Letras Galegas. Fundación Otero Pedrayo

en revistas e xornais da época serviron para divulgar coñecementos e cultura.

Nun dos seus ensaios, *Morte e resurrección* (1931), mostra unha firme convicción no método intuitivo para achegarse á explicación dalgúns fenómenos sociolóxicos, mostrándose nisto un fiel seguidor de Bergson. Desta obra é o fragmento que reproducimos, no que trata de explicar o fondo da esencia galega:



Portada da edición de 1932 de *Morte e resurrección*. Fundación Otero Pedrayo

«Quen viva na campiña galega ou quen, lonxe dela, senta a cósmica disciplina das súas sazóns xa sabe de abondo qué pensar sobre da verba morte e da verba resurrección. Cando cavilamos nelas en galego, en celta, fóra dos libros, fóra das metódicas do pensamento "ad usum", sentimos cómo elas se valeiran do senso sólido que teñen noutras linguas e noutras psicoloxías, cómo o seu sentido se espalla en fonduras misteriosas na que latexan ó lonxe formas novas de vida».

Outro libro importante para o pensamento e a cultura de Galicia é *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, tamén moi na liña do filósofo francés Bergson. Nel Otero Pedrayo dános unha visión de Galicia moi dinámica, tanto espiritual como paisaxisticamente, alimentada por unha idea nacionalista activa e militante. Atopa en Galicia a razón de instalarse no mundo e de loitar por algo valioso e propio.



Primeira edición de *Ensaio sobre a cultura galega*. Fundación Otero Pedrayo

Henri Bergson (1859-1941), o filósofo do intuicionismo



A obra de Bergson foi unha influencia para Otero Pedrayo

➜Henri Bergson foi un escritor e filósofo francés do que Otero Pedrayo era un fiel seguidor, algo que quedou demostrado en ensaios como *Morte e resurrección* ou *Ensaio histórico sobre a cultura galega*. Nacido o 18 de outubro de 1859 en París, fillo dun músico xudeo e unha irlandesa, Bergson é o filósofo máis importante da súa época, ademais dun maestro da prosa, o que se viu reflectido en 1927 cando se lle concedeu o Premio Nobel de Literatura. Recoñecida era tamén a súa valía como conferenciante.

Coñecido como o filósofo da intuición, formouse na École Normale Supérieure e, xunto á filosofía, estudou tamén matemáticas e mecánica. Ostentou a cátedra de filosofía no Collège de France, foi elixido membro da Academia Francesa da lingua en 1914 e durante cinco anos presidiu a Comisión de Cooperación Intelectual da Sociedade de

Naciones, o organismo creado no Tratado de Versalles para establecer as relacións internacionais tras a Primeira Guerra Mundial.

A súa filosofía é unha reacción aos sistemas racionalistas e positivistas. Con el prodúcese o paso do século XIX ao XX e crea unha nova filosofía e metafísica: o intuicionismo. Centrouse no estudo dos modos de ser que escapan da ciencia e que esixen un xeito de coñecemento diferente. Sempre cunha base de respecto á experiencia, Bergson propón unha descrición do estado aprehendido directamente mediante a introspección e, contra a psicoloxía experimental positivista, trata de pór en relación os datos internos da conciencia cos feitos físicos externos.

Entre as súas obras, salientan *Memoria e vida* (1896), sobre a selectividade do cerebro humano; *A risa* (1900), un ensaio sobre a significación do cómico; *A evolución creadora* (1907); e *As dúas fontes da moral e da relixión* (1932), onde relacionou a súa propia filosofía co pensamento cristián.*

1.3. CASTELAO

A faceta de ensaísta de Castelao encáixase case exclusivamente no terreo político, no que destaca como o gran teorizador do nacionalismo galego. A súa inclinación á política activa obsérvase xa desde moi novo, pero será con motivo da súa elección como deputado en Cortes pola provincia de Pontevedra durante a Segunda República cando esa tendencia se converta en

Castelao amosa a súa faceta política no ensaio. Retrato do Arquivo Galaxia

Castelao coa súa dona, Virxinia Pereira, nunha reunión con outros membros da colectividade galega en Bos Aires (1946). Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega

dedicación exclusiva. Precisamente por isto, ao terminar a Guerra Civil terá que marchar ao exilio para escapar das represalias do réxime de Franco. Instalarase en Bos Aires, onde desenvolveu un encomiable labor de resistencia no exilio. Será precisamente no exilio cando inicie unha profunda reflexión e sistematización do seu pensamento político, que recollerá nun ensaio de grande importancia para o futuro do nacionalismo galego: *Sempre en Galiza*, publicado en Bos Aires o 10 de marzo de 1944. A esta primeira edición engadiu outra, aumentada, en 1947.

Este libro, fundamental na concienciación nacionalista de Galicia, está constituído por unha serie de artigos previamente publicados en xornais e revistas, nos que ía diseccionando aspectos

concretos da política nacionalista que habería que cambiar ou que era necesario implantar.

Cando Castelao estivo desterrado en Badaxoz polo radical Alejandro Lerroux, en 1935, empeza a preparar este libro que culminará no seu exilio en Bos Aires, tras a vitoria de Franco. O material organízao en catro libros, introducidos por un prólogo que o autor denomina *Adro*, no que compara as realidades de Estremadura e Galicia.



Sempre en Galiza será un ensaio de grande importancia para o futuro do nacionalismo



Ilustración de Castelao titulada *Democracia*. Colección Caixanova

O *Libro primeiro* recolle trinta e dúas colaboracións publicadas no semanario *Nova Galicia*, nas que defende os valores de Galicia, e moi especialmente o idioma galego:

«Estamos fartos de saber que o pobo galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués. Idioma apto e

axeitado para ser o vehículo dunha cultura moderna e co que aínda podemos comunicarnos con máis de sesenta millóns de almas.
O galego foi instrumento maravilloso da grande e única poesía lírica de Hispania en el escribían os enxeños peninsulares –tanto dentro como de fora de Galiza– [...].
A esta fala popular, viva e gloriosa, os imperialistas chámanlle dialecto. Mais eu pergúntolles: ¿Dialecto de qué idioma? "Do que vós chamades español? De ninguna maneira, porque o idioma que vós impuxéchedes pola forza é un irmán menor do galego. ¿Acaso queredes dicir que é dialecto do latín? Pois entón chamádelle dialecto ao francés, ao italián, ao rumano, porque tamén son fillos do latín e irmáns do galego" [...].
Galiza, como grupo étnico, ten dereito a diñificar a língoa que o seu propio xenio creou, porque é unha língoa capaz de ser vehículo da cultura universal, porque lle sirve para comunicarse cos povos de fala portuguesa, porque non ten outra mellor para espresar os seus sentimentos e porque perdéndoa xa non lle quedaría ninguna razón de existir. Se Galiza non reclamase a oficialidade do seu idioma e o

dereito a usalo como língoa vehicular do enseño, ¿podería presumir da capacitación política para rexir a súa vida? Porque a conciencia da propia personalidade e os anceios de salvar a imponderable riqueza do seu esprito son a garantía moral que Galiza oferece para merecer a liberdade».

(LIBRO PRIMEIRO)

O *Libro segundo*, escrito en Nova York e a bordo do buque *Argentina*, ao longo de 1940, repite ideas xa desenvolvidas no *Primeiro*, co fin de facelas máis familiares e profundar na súa radicalidade. No *Libro terceiro*, redactado xa en Bos Aires, ao longo dos seus 35 capítulos, recolle un estudo de todo o proceso do sometemento de Galicia a Castela desde o século XV e a estratexia política que, no presente, debería implantarse en Galicia para unirse en igualdade de dereitos e obrigacións ao Estado español, coas súas distintas nacionalidades, e a Portugal. O *Libro cuarto*, redactado no verán de 1947, está formado por sete longos capítulos que habían de pertencer ao segundo volume que Castelao pretendía escribir, pero que nunca puido facer.

Ensaios doutra índole están recollidos no seu libro *Diario 1921*, que inclúe impresións moi interesantes do autor de Rianxo sobre arte, literatura e teatro, e sobre o valor artístico dos cruceiros.

Coa obra ensaística de Castelao podemos dar por pechada unha etapa da literatura galega, a Época Nós, na que este xénero literario gozou de gran predicamento e alcanzou un gran nivel entre os seus cultivadores. A medida que hoxe algún estudoso se achega a esta época e investiga sobre o que durante ela se escribiu neste tipo de manifestación literaria, sempre se acaba coñecendo algo valioso e destacable.

Castelao escribiu en Nova York o *Libro segundo* de *Sempre en Galiza*

ADRO, OS CIMENTOS DO NOVO PENSAMENTO POLÍTICO

Castelao, Elpidio Villaverde, Núñez Búa, Sánchez Guisande e outros, no Jockey Club de Bos Aires (1944). Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega

➜ O prólogo de *Sempre en Galiza, Adro,* consta de 14 capítulos que apareceran anteriormente como artigos baixo o título de *Verbas de chumbo* na publicación *A Nosa Terra* e nos que compara as realidades de Galicia e Estremadura. Trátase dos cimentos nos que asentará o seu novo pensamento político. A continuación, reproducimos o comezo e algúns fragmentos.

«Os tres feixes de discursos que se axuntan neste volume –reflexos dun mesmo ideal– foron escritos do desterro, para escorrentar a morriña e responden a situacións diferentes de lugar e de tempo. Valencia e Barcelona (1937), Nova York e o Océano Atlántico (1940), Bós Aires (1943). E cavilando no limiar que debía compor para encabezalos, opino que poden valer os pequenos artigos que escrebín en Badaxoz (1935), cando Lerroux tivo a ben ordear que me preparase para maores ausencias».

Velos ahí:

«Estou lonxe da miña Terra: en Badaxoz. Cóbreme un inmenso fanal azul. Atópome na torre de "Espanta Perros" e vexo dende eiquí as rúas ensarilladas da cidade. [...]
Neste intre sinto por primeira vez a necesidade de escrebir para vís dende o desterro que me impuxeron. Non temades as meus arreoutos sentimentaes, porque xa deixei de ser mozo. E velahí o que hoxe se me ocurre decirlle aos lectores de A Nosa Terra.

Hai homes que pasan a vida predicando as escelencias dunha doutrina política ou social e sinten a ledicia de seren combatidos, porque confian na posteridade e soñan en trunfar dispóis de mortos, convertíndose en estátuas de bronce ou mármore; pero se a idea que predican botase axiña raices no sentimento popular e se, por acaso, xurdise a ocasión de vela trocada en feito hestórico, para abrir unha época, entón veredes que os mesmos sementadores da teoría collen medo, e algúns son capaces de abandoaren os seus postos de honor.

Eles gostan de chamaren "tempos heróicos" aos do espallamento da ideia, e non se decatan de que o verdadeiro heroismo consiste en trocar os anceios en realidades, as ideas en feitos, pois crear unha doutrina non é apenas outra cousa que facer solitarios filosóficos, como loitar con enemigos, no campo da polémica, pode ser, simplemente, un xogo de amor proprio. E así, soñar cun futuro lonxano e venturoso cicáis sexa un divertimento poético, alleo a toda vocación de sacrificio.

Castelao dando un mitin en 1945. Arquivo Galaxia

Cando un home sabe que a realización dunha idea vai producir a felicidade do seu povo e a salvación da súa patria, non debe recuar ante a posibilidade do trunfo, ainda que a violencia doorosa e sanguiñenta do parto lle produza arrepíos; porque o home que duvida e teme no intre de realizar o ideal que predicou e non ten coraxe para manterse no seu posto de perigo, ou é un farsante ou é un coitadiño.

[...] »✸

O TEATRO 2

O éxito que tivo a prosa narrativa tamén inflúe positivamente no tratamento que vai ter o teatro nestes anos. Préstaselle unha maior atención, hai máis representacións en cidades e pobos galegos, xorden grupos de afeccionados que promoven representacións das pezas máis insospeitadas, e empézase a escribir teatro con máis dedicación e, polo tanto, con mellores resultados. Destes anos é tamén a creación na Coruña do Conservatorio Nazonal de Arte Galega (1919). Moitos dos autores que escriben teatro son os mesmos que fixeron posible unha etapa literariamente tan brillante como foi a Época Nós.

Conservatorio Nazonal de Arte Galega, o comen

➜ Creado en 1919 a iniciativa da agrupación coruñesa das Irmandades da Fala, o Conservatorio Nazonal de Arte Galego foi unhas das primeiras tentativas de profesionalizar o teatro galego. Dirixido nos seus comezos por Fernando Osorio Docampo, tiña como obxectivo formar aos actores nas técnicas máis modernas, para desenvolver un teatro innovador e de maior calidade estética. Ademais, perseguía crear un teatro que fose atractivo para a clase media urbana.

EL MANIFIESTO DEL GENERAL PRIMO DE RIVERA

A LA PATRIA Y AL EJÉRCITO

Un decreto ditado no 1923 por Primo de Rivera só permitía a utilización do galego en representacións folclóricas. Artigo publicado en *La Voz de Galicia*

Unha das primeiras obras en reunir estas características foi *A man de Santiña*, de Cabanillas, que por primera vez permitía escoitar a tres mulleres de clase alta falando en galego. A obra foi estreada o 22 de abril de 1919 no Pavillon Lino da Coruña e obtivo un rotundo éxito. Tras ela chegaría *Donosiña*, de Xaime Quintanilla, un drama sobre o adulterio e o matrimonio de conveniencia no que se vía a unha muller bicando ao seu amante. A obra provocou un grande escándalo na sociedade.

OFESIONALIZACIÓN DO TEATRO GALEGO

A segunda tempada do conservatorio (1920-1921) estivo dirixida por Rodrigo García e iniciouse coa estrea de *María Rosa*, de Gonzalo López Abente, obra que suscitou unha nova controversia e que foi acusada de feminista. Para frear a polémica, leváronse a escena pezas máis brancas, como o *Rosas de todo o ano* e *Soror Mariana*, de Júlio Dantas.

Na terceira tempada (1921-1922), apostouse por obras portuguesas ou de autores galegos, ata que Leandro Carré Alvarellos se fixo coa súa dirección, momento no que pasou a chamarse Escola Dramática Galega. Nos seus catro anos de existencia (1922-1926) centrouse nun teatro costumista e rural, algo lóxico tendo en conta que o decreto de separatismo, publicado en 1923 polo xeneral Miguel Primo de Rivera, só permitía a utilización das chamadas «linguas rexionais» en representacións de tipo ruralista e folclórico. A escola despareceu durante a ditadura. ❋

Tamén os homes das Irmandades da Fala se preocuparon por esta manifestación literaria. O conservatorio que acabamos de mencionar estreouse cunha obra de **Ramón Cabanillas**, titulada *A man de Santiña*, na que interveñen personaxes das clases máis altas de Galicia, nun empeño por

O Conservatorio Nazonal de Arte Galega buscaba achegar o teatro en galego á clase media urbana

deixar claro que a vida galega non é soamente a dos labradores, é dicir, unha vida rural e campesiña, senón que tamén hai unha Galicia urbana, desenvolvida e máis cosmopolita.



Portada da peza teatral escrita por Ramón Cabanillas, titulada *A man de Santiña*, que foi estreada no Conservatorio Nazonal de Arte Galega

O propio Ramón Cabanillas volverá escribir outra obra teatral –en colaboración con Vilar Ponte–, que, nesta ocasión, terá máis ampla acollida. Trátase de *O Mariscal* (1926), na que recolle a historia de Pero Pardo de Cela, aquel nobre que foi decapitado en Mondoñedo en 1483.

2.1 Leandro Carré Alvarellos

Leandro Carré Alvarellos (A Coruña, 1888-1976) foi unha das persoas máis involucradas no impulso e bo momento que vive neses anos o teatro galego. É autor de estudos, ensaios e obras dramáticas, que hoxe son fundamentais para coñecer o panorama teatral da época.



Carré Alvarellos fundou a editorial Lar en 1924



Portada da primeira edición de *Hostia*, de Armando Cotarelo Valledor

2.2 ARMANDO COTARELO VALLEDOR

A el foi dedicado o Día das Letras Galegas do ano 1984.

Armando Cotarelo Valledor (Vegadeo, 1879-Madrid, 1950) foi catedrático da Universidade de Santiago de Compostela e un personaxe importante na cultura galega daquel momento. Escribiu obras dramáticas de moi bo nivel técnico e literario, como *Trebón* (1926), *Hostia* (1926), *Beiramar* (1931) e *Mourenza* (1932), entre outras.

A Historia da Literatura Galega 16



Portada da edición de 1953 de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao. Arquivo Galaxia

2.3 Castelao

A única peza teatral escrita por Castelao é unha das máis representadas do teatro galego. É a celebérrima *Os vellos non deben de namorarse*. A obra foi estreada en 1941, no Teatro de Maio de Bos Aires, con dirección e deseño do propio Castelao, pola compañía Maruja Villanueva. En Galicia habería que esperar ata o ano 1961; a súa representación levarase a cabo na compostelá praza da Quintana.

Trátase dunha farsa dividida en tres actos de estrutura paralela, enmarcados por un prólogo e un epílogo. No prólogo, Castelao anuncia o tema sobre o que vai falar e resume o argumento da obra:

«Axiña ides ver unha farsa en tres lances, na que se demostra que os vellos non deben de namorarse [...]. Trátase apenas dunha síntesis artística, ou máis ben, artimaña escenográfica onde xogan o amor e a morte de tres vellos imprudentes: o boticario Don Saturio, que non aturou a falcatruada de Cela e mátase con solimán da súa propia botica; o fidalgo

Don Ramón, que por un bico de Micaela morre deitado no esterco; o vinculeiro señor Fuco, que por casar con Pimpinela mórrese de felicidade. Son tres faces diferentes do mesmo drama, contado á maneira galega e para regalía dos que poidan comprender o noso linguaxe».

No epílogo, aparecen os tres vellos no cemiterio, comentando o seu imprudente proceder. Os principais personaxes levan máscaras, co que nos recordan que son arquetipos, máis que persoas concretas, e danlle á obra un carácter totalmente simbólico.

Ilustración feita por Castelao para o prólogo de *Os vellos non deben de namorarse*. Arquivo Galaxia

A obra ten, pois, unha estrutura simétrica, co desenvolvemento en cada acto dunha historia dun vello namorado e un mozo competidor. Tamén aparece a morte, como un personaxe máis, que avisa aos vellos das consecuencias do seu namoramento. Hai outros personaxes secundarios, como irmáns, pais, espantallos, e un grupo de mulleres que expresan en alto a opinión do pobo sobre o que



Espantapáxaros, de Castelao. Colección Caixanova

vai sucedendo, nunha clara referencia aos coros da traxedia clásica.

A obra é destacable, tamén, pola importancia que teñen na representación os elementos escenográficos, como a iluminación, a vestimenta dos personaxes, os decorados, o deseño das caroutas, etcétera. Este aspecto pon a Castelao en relación co innovador teatro europeo dos anos trinta.

Risco introduciuse no teatro coa obra *O bufón d'el rei*. Caricatura pertencente á Fundación Vicente Risco

2.4. Vicente Risco

A única incursión que Risco fai no teatro é unha peza dramática que leva por título *O bufón d'el rei* (1928). Dentro dos esquemas do teatro simbolista, busca a expresión de ideas, o desenvolvemento de convicciónS, como, neste caso, que a existencia do Mal é consecuencia dun destino tráxico. A perversión moral, o resentimento, os celos e a envexa vense acentuados no bufón, quizais pola

Vicente Risco, nunha das súas visitas a Portugal. Fondos da Fundación do escritor

deformidade física que padece, e que condiciona a súa vida e os seus sentimentos. Namorado da raíña Yolanda, e coñecedor dos amores adúlteros que esta mantén con Guindamor, delata esta situación ao rei, que mandará prender ao amante, pero quen sairá perdendo será o bufón, que será arroxado desde a torre por orde da raíña.

É un drama, pois, de carácter tráxico, estruturado en catro pasos con numerosas escenas.

O BUFÓN D'EL REI, O SIMBOLISMO DE RISCO

➜ *O Bufón d'el Rei* é unha boa mostra dun teatro que fuxe do naturalismo en pro do simbolismo. Na peza de Risco o bufón adquire unha natureza maquiavélica, resultado quizais da súa deformidade e dos celos de Guindamor, o amante da raíña Yolanda, da que está namorado. A continuación reproducimos as dúas últimas escenas:

«[...] Escea Cuarta
Ortuda. O bufón. A Raíña

A RAÍÑA
Abonda, xa o sei todo...
(O Bufón cai de xionllos diante d'ela)
Ortruda, sácall'o anel a iste home!
(O Bufón dall'o anel â Azafata, que llo entrega â Raíña)
E agora, que se marche!

O BUFÓN
(Erguéndose) Raíña Yolanda! Eu vin eiquí homildoso i-arrepentido cumpril-a derradeira vontade do que vai morrer por vós!... Nada vos debo! Despreciado fun toda a vida pra qu'agora me firan os aldraxes!... Raíña Yolanda! O duque



O Bufón d'el-Rei
Drama en catro pasos, por
Vicente Risco
Premiado na «Festa da Lingua Galega» celebrada en Santiago o ano 1926

PERSOAXES

A RAIÑA
A AZAFATA
EL-REY
O BUFÓN
O CAPITAN
O CARCELEIRO
XENTE ARMADA

1928
A CRUÑA
NÓS», PUBRICACIÓNS GALEGAS
E IMPRENTA

Primeira edición de *O bufón d'el rei*, publicada pola editorial Nós

Galehaut de Kerganor amouvos coma ningún outro pod'amar n'iste mundo. De feo puña medo miralo, i-era bufón d'El-Rei. Outro aventureiro trunfou no voso querer, e fixovos faltar â fé xurada no altar. Mail-o bufón vingouse... Mañá, o cadávre martitizado do Guindamor queimarase ô lume das brasas, e as sías cinzas irán â esterqueira. Canto a vós, Yolanda, morreredes d'unha doenza estrana d'eiquí a un día ou dous. Vos Ortruda pediredes esmola pol'as rúas da vila, pol'os carreiros e nas portas das eirexas... Abofé qu'a venganza é dina d'un Kerganor! [...].

Escea Derradeira
A Raíña, O Bufón, Ortuda, O Carceleiro

O CARCELEIRO
Que manda a miña Señora?

A RAÍÑA
Colle a iste maldito e bótao da torre abaixo.
Que volva pr'o inferno d'onde surtiu!» ✸

2.5 Ramón Otero Pedrayo

Tamén a súa produción teatral, como a poética, é curta, e non demasiado axustada ás características do xénero. A súa incursión no teatro débese, principalmente, ao convencemento do autor de que era o xénero literario idóneo para axudar á normalización e á dinamización da cultura galega.

Despacho de Ramón Otero Pedrayo. Imaxe cedida pola fundación que leva o seu nome

A súa obra máis interesante é *A Lagarada* (1928), unha traxedia rural que transcorre na época da vendima, o que lle achega un eco clásico e dionisíaco. Os personaxes son labradores nos que destacan a luxuria e a envexa. Un vello labrador desexa a unha moza que tra-



Primeira edición da traxedia rural *A Lagarada*, de Otero Pedrayo, editada por Nós

balla de criada na casa. Ela espera que o patrón lle deixe en herdanza algunhas terras, e ao non suceder así, convence a un criado novo para que mate ao vello.

Outras obras dramáticas do autor son: *O desengano do prioiro* (1952), *Noite compostelá* (1973) e as obras recollidas en *Teatro de máscaras* (1975).

2.6. Rafael Dieste

A pesar de non ser propiamente un membro do grupo Nós, a obra dramática de Dieste está moi relacionada coa daqueles, e ata lles precede na súa dedicación ao teatro. Para el tiña unha gran importancia. Sentiu pola arte dramática un grande interese, e de feito podemos consideralo como un integrante do movemento teatral español que, nos anos da República, tanto animou o ambiente cultural e literario. Foi un membro das Misións Pedagóxicas, e o responsable dentro desa institución do Teatro Monicreque. O seu interese teatral era tanto que en 1934 foi bolseiro pola Xunta de Ampliación de Estudos para estudar teatro no estranxeiro.

Dieste entregando a Coroa Poética de Curros Enríquez á Real Academia Galega, doada polo Ministerio de Cultura cubano en 1978. Arquivo da RAG. Autor: Foto Blanco

A súa obra máis representativa é *A fiestra valdeira* (1927), representada por primeira vez en Rianxo en 1935 por xente do pobo. É unha comedia de carácter simbólico e de estrutura clásica, centrada na vida dun personaxe, don Miguel, un vello mariñeiro que simboliza a loita que debe manter o home en defensa da súa propia identidade. Estruturada en tres actos, a obra preséntanos a un mariñeiro enriquecido na emigración, que quere ser retratado por un



Edición de 1927 de *A fiestra valdeira*, de Rafael Dieste

pintor. Este pinta como fondo do cadro unha fiestra na que ven escenas mariñeiras. Pero algúns membros da familia consideran que iso pertence a un mundo e a unha situación xa pasados, polo que propón un fondo máis en consonancia coa próspera situación actual. Aquí prodúcese o conflito, porque algúns antigos compañeiros do indiano séntense menosprezados e cortan un pedazo do lenzo, onde están esas imaxes autóctonas. Ao final, soluciónase o conflito, cando os familiares do indiano aceptan incluír as primitivas escenas da fiestra.

Outra obra de Dieste, máis breve, pero de acertada composición, é *O drama do cabalo de axedrez* publicada primeiramente no xornal *O Pobo Galego*, en 1927, e máis tarde incorporada ao libro de contos *Dos arquivos do trasno*. Nela de novo exponse o conflito da preservación da identidade individual nunha contorna social que nos encaixa nun papel e función determinados.

2.7. Outros dramaturgos

Hai unha ampla lista de valiosos autores de teatro que, por razóns moi dispares, entre as que a máis importante foi o estalido da Guerra Civil, non lograron sobresaír especialmente neste xénero literario, pero que merecen o máis considerado recoñecemento. **Leandro Carré**, **Fernando Osorio**, **Gonzalo López Abente**, **Xaime Quintanilla** e **Álvaro de las Casas**, entre outros. E quizá, deberiamos singularizar a persoa de **Antón Vilar Ponte**, do que xa falamos polo seu labor xornalístico e a súa intensa dedicación de impulsar actividades culturais. No campo do teatro estivo, tamén, moi implicado, pois foi actor, crítico, autor e tradutor de obras clásicas de Shakespeare ou Moer.


15-8-52
Na casa de Rola en Sabucedo.
Ha de montar o día do
homaxe na cuba de
Álvaro das Casas

Nota de Otero Pedrayo a Álvaro de las Casas. Fondos da Fundación Otero Pedrayo

Entre as súas obras dramáticas hai que destacar: *A patria do labrego*, *Entre dous abismos* e *Almas mortas*, que foron publicadas pola revista *Nós*, nun volume titulado *Tríptico* (1928). Outras pezas teatrais son: *Nouturnio de medo e morte*, *A festa dos mallos* e *Os evanxeos da risa absoluta*. Con Ramón Cabanillas colaborou na obra

EL PAÍS

DIARIO REPUBLICANO DE LA TARDE

Síntesis de la jornada

A pesar de denunciarnos, teníamos razón, Sr. Castillo

Un dos xornais nos que colaboraba Vilar Ponte era *El País, diario republicano de la tarde*. Na imaxe, portada de 1933. Colección histórica de periódicos do Museo de La Voz de Galicia

O mariscal. A Antón Vilar Ponte dedicóuselle o Día das Letras Galegas do ano 1977.

Tamén é conveniente consignar aquí a presenza de **Losada Diéguez** (Moldes, Ourense, 1884-Pontevedra, 1929) como autor dunha peza teatral, *A domeadora*, que apareceu publicada no número 71 da revista *Nós*, e que volvería ser editada na súa *Obra completa*, en 1985. A historia transcorre nun pazo de aldea e ten como tema central o choque de culturas do mundo rural e do urbano, é dicir, da tradición e da modernidade, un tema que interesou a moitos dos intelectuais do grupo Nós. A Losada Diéguez foille dedicado o Día das Letras Galegas do ano 1985.

Maruja Villanueva (1906-1998), piar do teatro ga

➜ Foi sen dúbida unha das máximas figuras do teatro e música galegas en Arxentina durante os anos do exilio e alí puido trabar amizade con Madariaga, Blanco Amor, Bóveda ou Castelao, autor de *Os vellos non deben de namorarse*, obra que estreou en 1941 en Bos Aires con Maruja Villanueva como protagonista.

Nacida en A Barrela (Carballedo, Lugo) en 1906, María Isaura Vázquez emigrou a Arxentina en 1926 na busca do seu irmán e coa intención de pasar pouco tempo. Como recolle Pilar Cagiao Vilana na biografía elaborada sobre Villanueva, empezou a traballar como dependenta. Tras entrar en contacto co pianista vasco Juan Gueresta e a cantante galega Esperanza Blanco, obtivo algúns contratos para a radio onde se presentaba como Maruja Blanco, nome que a súa irmá trocou polo de Maruja Villanueva.

Arxentina

En 1936 era xa una figura recoñecida en Arxentina. Nesta época coñece ao escritor teatral Daniel Varela, o seu futuro marido, quen a invita a participar na obra *Se o sei... non volvo á casa*, que se estreou no Teatro Maravillas coa compañía Aires da Terra. Co paso do tempo, puxeron a andar a

ARTISTAS GALLEGOS

Complacidísimos insertamos hoy en nuestra re-ta las fotos que gentilmente nos dedican el po-lar compositor y director, maestro José Ba-rreiro y la aplaudida artista Marujita Villanue-va, las dos figuras que tanto vienen haciendo por el prestigio del arte popular gallego en la Ar-gentina.

Tanto el inspirado compositor, como la simpá-tica artista, ofrecieron siempre su desinteresado concurso al Centro Gallego; y, al consignarlo así, los alentamos a que continúen la ruta de sus me-recidos éxitos, perseverando en la noble misión por ellos emprendida.

Maestro JOSE BARREIRO

MARUJITA VILLANUEVA

Noticia sobre Maruja Villanueva do número 292, de maio de 1937 de *Galicia*, a revista do Centro Gallego de Bos Aires. Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega

A Historia da Literatura Galega 16

Compañía Gallega de Comedias Marujita Villanueva, coa cal representaron unha parte importante do teatro da Xeración Nós.

O matrimonio separouse temporalmente en 1946, xuntouse de novo catro anos despois e en 1958 produciuse a súa ruptura definitiva, aínda que mantiveron unha relación cordial ata a morte do escritor.

TEATRO MAYO

AVENIDA DE MAYO Y LIMA

GRAN EXITO DE LA

COMPAÑIA GALLEGA DE COMEDIAS

MARUJA VILLANUEVA

NINGUN GALLEGO DEBE DEJAR DE VER ESTA COMPAÑIA, UNICA EN SU GENERO, CONSAGRADA AL ARTE GENUINAMENTE GALLEGO

REPERTORIO:

Alfonso R. Castelao:
- OS VELLOS NON DEBEN DE NAMORARSE

Varela Buján:
- TABERNA SIN DONO
- A XUSTIZA D'UN MUIÑEIRO
- SE O SEI... NON VOLVO A CASA
- POL-A NOSA CULPA

TODOS LOS DIAS FUNCION NOCTURNA - JUEVES Y SABADOS VERMOUTH Y NOCHE - DOMINGOS Y FERIADOS TRES FUNCIONES

¡TODOS AL TEATRO MAYO!

Cartel da estrea de *Os vellos non deben de namorarse*, publicada na revista *Galicia* (1941). Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega

En 1949, regresou a Galicia, onde intentou continuar a súa carreira cunha pequena compañía, Os Labregos, dirixida por ela e integrada por xente nova, pero a censura franquista rematou coa súa actividade. Desencantada pola situación política, a finais dos cincuenta volve a Arxentina onde permanece ata 1962, cando decide regresar á súa terra de xeito definitivo.

Tras vivir en Barrela e Ribadavia, con 63 anos trasládase a Santiago, onde entra en contacto co Padroado Rosalía de Castro. A identificación de Villanueva con Rosalía foi tal que o seu labor como difusora da súa obra é impagable. Tras moito traballo para obter fondos que permitisen restaurar a casa da Matanza para convertila en museo, Agustín Sixto Seco propúxolle a Maruja atender a Casa museo. Como explica Pilar Cagiao, a partir desde momento dedicou todo o seu tempo á conservación da vivenda e á difusión da obra da escritora.

En decembro de 1990 viaxou por última vez a Arxentina, momento que foi aproveitado pola Asociación de Mos de Bos Aires para rendirlle unha homenaxe. Ao ano seguinte, en 1991, a Xunta de Galicia outorgoulle a Medalla Castelao, en 1993 foi nomeada presidenta honoraria da Asociación polos Dereitos do Emigrante Galego de Bos Aires e postumamente se lle concedeu o premio María Casares de teatro. Morreu o 24 de novembro de 1998 aos 92 anos de idade.*

Bibliografía dos tomos 13 a 16

Alonso Montero, X. (1975) **Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante**, Xunta de Galicia, Santiago.

Axeitos, X.L. (1992) **Manuel Antonio. Poesía galega completa**, Sotelo Blanco, Santiago.

Barreiro Fernández, X.R. (1982) **Historia contemporánea de Galicia**, Gamma, A Coruña.

Beramendi, J.G. (1981) **Vicente Risco no nacionalismo galego**, Eds. do Cerne, Santiago.

CARBALLO CALERO, R. (1971) **SOBRE LINGUA E LITERATURA GALEGA**, Galaxia, Vigo.

CASARES, C. (1981) **OTERO PEDRAYO**, Galaxia, Vigo.

CASARES, C. (1981) **VICENTE RISCO**, Galaxia, Vigo.

CASTRO PÉREZ, X. (1985) **O GALEGUISMO NA ENCRUCILLADA REPUBLICANA**, Deputación de Ourense, Ourense.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. (1992) **DICCIONARIO DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA**, Edicións do Castro, Sada-A Coruña.

FREIXEIRO MATO, X.R. (1995) **RAFAEL DIESTE**, Laiovento, Santiago.

LOURENZO, M. E PILLADO, F. (1987) **DICCIONARIO DO TEATRO GALEGO**, Sotuelo Blanco, Barcelona.

PALLARÉS, P. (1991) **ROSAS NA SOMBRA. A POESÍA DE LUÍS PIMENTEL**, Eds. do Cumio, Vigo.

RODRÍGUEZ FER, C. (1997) **ÁNXEL FOLE, VIDA E OBRA**, Xerais, Vigo.

ROSALES, M. (1997) **A NARRATIVA DE CASTELAO,**
Sotelo Blanco, Santiago.

TARRÍO VARELA, A. (1994) **LITERATURA GALEGA.**
APORTACIÓNS A UNHA HISTORIA CRÍTICA, Xerais, Vigo.

TATO FONTAÍÑA, L. (1999 **HISTORIA DO TEATRO GALEGO.**
DAS ORIXES A 1936, A Nosa Terra, Vigo.

VILAVEDRA, D. (1999) **HISTORIA DA LITERATURA GALEGA,**
Galaxia, Vigo.

VILLARES, R. (1987) **GALICIA. A HISTORIA**, Galaxia, Vigo.

VV. AA. (1982) **HOMENAXE A ÁLVARO CUNQUEIRO,**
Universidade de Santiago.

VV. AA. (1997) **HOMENAXE A CABANILLAS. NO CENTENARIO**
DO SEU NACIMENTO, Universidade de Santiago.
Santiago.

VV. AA. (1987) **A SOMBRA INMENSA DE OTERO PEDRAYO,**
A Nosa Terra, Vigo.

XACOBEO 2010
Galicia

XUNTA
DE GALICIA

2010
ano da lectura